

EN TODAS AS MANS

Un documental dirixido por Diana Toucedo

SINOPSE

A épica dunha vontade, a loita por mellorar os territorios que habitamos. Dous territorios, Galiza e Portugal, e unha realidade, os montes veciñais ou baldíos. En todas as mans é unha ollada aos seus habitantes na procura dun horizonte, que os territorios que están nas suas mans sexan creadores de riquezas económicas, ambientais e sociais para os seus pobos. O documental crúzase no seu camiño para indagar nunha realidade tan próxima como tan descoñecida.

Unha realidade milenaria, única, que debe afrontar, tamén, un futuro.



FICHA TÉCNICA

Produción , Trespés Coop. Galega
Produtor Executivo , Alberte Román
Xefa de Producción , Tania Martínez
Secretario de Producción , Paulo Jablonski
Dirección , Diana Toucedo
Guión , Diana Toucedo , Alberte Román
Fotografía , Iván Castiñeiras
Son directo , Ricardo Román
Música , Germán Díaz
Composición e interpretación , Germán Díaz

Montaxe , Diana Toucedo
Axudante de Montaxe , J. Iñacio Canosa
Montaxe de son , Miguel Barbosa
Misturas , Diego Staub
Grafismo , Diana Toucedo
VFX , Juan Carlos Carrano
Etalonaxe de cor , NUMAX
DCP Dixital , NUMAX
Lexendados , Emma Carballal , Nuria Pahino , Uxía Iglesias



VISIBILIZAR O VECIÑAL

No país do minifundismo existe unha realidade que é de todos e, ao tempo, de ningún. Unha realidade silente, mais activa, que resiste o paso dos séculos e os sucesivos ataques por diferentes medios. O monte veciñal en mancomún ou baldío, aquela porción de territorio xestionada de forma directa pola veciñanza, é unha realidade tan viva como descoñecida na Galiza e Portugal. Unha realidade que sitúa ao morador dunha parroquia ou freguesía no epicentro da acción política do seu propio territorio. Os baldíos ou montes veciñais son unha figura que implica a miles de persoas que xestionan máis dun millón de hectáreas nos dous países de forma directa, sen intermediacións nin delegacións. Na Europa do libre comercio, esta é unha realidade única, que conforma parte do seu máis rico patrimonio cultural.

"En todas as mans" é unha peza audiovisual que pretende mostrar a actividade destas comunidades e a vida dos seus protagonistas acompañadas de voces expertas da economía, xudicatura, ecoloxismo, historia ou o activismo social. A suma ofrécenos un diverso elenco de usos, reflexións, problemáticas e propostas á volta da xestión comunitaria do monte na Galiza e Portugal. Un documental que abre as cancelas do monte ao futuro.

O proxecto "En todas as mans" non pretendeu ser unicamente un documental, senón que o longo proceso de produción foi ideado desde unha perspectiva máis alargada. Durante os case catro anos do proceso, a cooperativa Trespés procurou construír unha comunidade de persoas e entidades amigas do documental. Así, participamos en dúcias de presentacións en asociacións, xornadas, congresos, comunidades de montes, centros sociais... no territorio galego-portugués. Mediante as redes sociais e a presenza na prensa contribuímos a colocar, xunto con outras entidades, o comunitarismo no debate público. A estratexia de financiamento do documental partiu da filosofía da suma dos poucos para conseguir o todo. Así, foron máis de 250 persoas, unha vintena de entidades e 19 montes veciñais as que forman parte do elenco de mecenas de "En todas as mans" sen as que non sería posíbel acabar o proxecto. Para nós, realizar o documental é unha cuestión que transcende o puramente cinematográfico para se situar no social e o político. O proceso foi demorado, mais as sinerxías acadadas alértannos da necesidade de continuar a reivindicar os montes veciñais e os baldíos como ferramentas de futuro.



PATRIMONIO IMATERIAI
GALEGO-PORTUGUÉS